

Poetas do Batallón Literario acudirán a un recital previsto en Ferrol

CARBALLO

Redacción

O Batallón Literario da Costa da Morte ofrecerá o vindeiro venres un recital en Ferrol con ocasión da inauguración do curso na Facultade de Humanidades daquela cidade. Ó acto, que dará comenzo as oito do serán, acudirán Rafa Villar, Xavier Rodríguez Fidalgo, Alexandre Nerium, Modesto Fraga e Miro Villar. Tamén se agarda a presenza de Rosa Méndez Ponte e o propio Xosé Leira, autores que visitaron recentemente a Costa da Morte para desenvolver o programa *Aulas no Camiño*.

Por outra banda, o colectivo informou que María Canosa Blanco, que forma parte do Batallón Literario, acaba de ser galardorada no terceiro Certame Poético Manuel Masías que convoca a asociación cultural Nike da Coruña. A autora ceense acadou o segundo premio co poema titulado *Neboa*. O xurado estivo composto pola delegada de Cultura da Coruña, Isabel García Vila, Laura González Garcés, Rosa Gómez e Teresa Yáñez.

A directiva do Batallón Literario está formada por Miro Villar, que é o presidente; Xavier Fidalgo, Xandra Tedín, Estevo Creus, Modesto Fraga e Rafa Villar, que son os vocais.